



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

Freemos a Precariedade

A Dirección consciente da importancia que ten implantar a Flexibilidade no día, como é a *Apertura Variable na Quenda B do Sistema 11*, opta por darlle un tratamento "natural" así, ó tempo que nolo comenta na primeira reunión do pasado día 7 de Setembro, ela xa está procedendo a comunicar os cambios ós traballadores/as "seleccionados", é dicir, xa non espera a cumprir o trámite de finalizar o período de Consultas e Información ó Comité de Empresa. Foi por iso que, na segunda reunión, a C.I.G., e por primeira vez, *ante a prepotencia e falla de respecto que, ó noso entender, estaba escenificando a Dirección, decidimos protestar abandonando esa reunión.*

O día 3 deste mes, a Dirección, (sen facer ruído) dá por finalizadas as reunións, en consecuencia, considera ter vía libre para aplicar a Flexibilidade Horaria o vindeiro 7 de Novembro.

Compañeiros/as:

No ano 1997, e despois de virse realizando millonarias horas extras, onde había talleres con xornadas de 16 horas, os sindicatos de clase, conseguimos que se creara a Quenda de Noite, cambiando o uso e abuso das horas extras por emprego.

Todos eramos conscientes que, esta Quenda, tiña que ter algunhas limitacións, por iso, sempre defendemos que o pase pola noite tiña que ter caducidade, daquela comprometémonos a que estes traballadores/as, simultaneamente e por orden de antigüidade, foran ocupando os postos que ían deixando os veteranos no día no proceso de xubilacións. Esa foi a nosa finalidade e así se acordou. É certo que, anos máis tarde, fóronse deteriorando as condicións e as novacións xa deixaron de ser automáticas.

¿ *Que se pretende ó instalar a Quenda Variable na Quenda 8 do Sistema II?* Se lemos un dos títulos deste documento no lo di claro e con letra grande **"Organización y Condiciones de funcionamiento igual al Equipo de Noche"**

Para chegar a isto, a Dirección, aproveitándose da crise, elaborou un escenario favorable, vexamos:

A primeiros de ano, a única solución factible, da Dirección, para as Liñas do C4 Picasso, era penalizar un colectivo da plantilla formalizando un Expediente de Regulación de Emprego de Suspensión Temporal (40 días para os anos 2011 e 2012), pero agora, a mesma Dirección, reconece que esa medida non é suficiente, e decide implantar tratamentos diferenciadores entre os traballadores/as segundo a súa modalidade contractual (Tempo Completo 8h ; Tempo Parcial 6h'35m; Tempo Parcial 6h ; Tempo Parcial 4h). É aquí o énfase en non querer poñer en práctica o equilibrio das Liñas (pasar B-9 polo Sistema II), tal e como a C.I.G. vén defendendo e demostrando que é, e debera ser, unha práctica cara o futuro, pois hoxe falamos do Sistema II e mañá estaremos falando do Sistema I, é dicir, a Xornada Variable estenderíase como unha mancha de aceite no auga por todo o Centro de traballo.

Ante esta situación, a C.I.G., recorrerá a todas as medidas legais e de participación, para denunciar as formas e o fondo que se pretenden levar a cabo con esta Modificación Substantial das nosas Condicións de Traballo. **O tempo será testemuña.**

Vigo, 7 de Outubro de 2011

Confederación Intersindical Galega